

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	4º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	30
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	36

1. Introducción

Xeografía e Historia como disciplina escolar ten como principal papel profundar no coñecemento da sociedade, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

En ambas dúas materias non se debe esquecer o importante que resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente, através de toda a ESO mediante conceptos que consideramos nucleares: o tempo histórico, o espazo e os recursos. Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A finalidade destas materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Deste xeito, entendemos a Xeografía e Historia non coma unha narración anecdótica, descritiva ou unha clasificación estereotipada dos rasgos do medio natural e das sociedades pasadas; senón coma unha disciplina explicativa e interpretada, é dicir, un discurso que analiza e interpreta as claves dos procesos e os fenómenos xeográficos e históricos.

Neste senso, o cuarto curso da ESO, como nivel finalista para toda a etapa, debe recoller gran parte dos contidos e criterios abordados con anterioridade, sobre todo aqueles relacionados co Desenvolvemento Sostible -non tanto na súa faceta ecolóxica, senón máis ben no seu papel político e socioeconómico-, o papel do feminismo e os movementos sociais de cuarta xeración e a conformación das sociedades actuais globalizadas e postindustriais.

Aspectos que afectan tanto á historia como ciencia social que estuda o presente, como á xeografía humana e as súas principais preocupacións en canto ás consecuencias das relacións entre o medio físico, os recursos e a humanidade e que ao cabo conforman os grandes espazos rexionais do planeta e que ven afectados por similares problemáticas e conflitos que vivimos hoxe en día.

No aspecto puramente histórico abórdanse os séculos XIX, XX e XXI, desde as bases históricas da dobre revolución -política e económica- protagonizada polos Estados Contemporáneos ata a conformación da sociedade de clases e a súa evolución e caracterización ata o presente. Todo iso en referencia a un longo camiño balizado de procesos dramáticos, como o Imperialismo, o período de entreguerras ou a Guerra Fría, que veñen a interaccionar nunha realidade política e social cada vez máis plural e complexa.

Tamén, valórase a conformación dos procesos democráticos no mundo e en especial en España e Galicia, así como a conformación das distintas identidades individuais, sociais, colectivas e territoriais, que son resultado dos distintos avatares do pasado e os seus protagonistas. Un resultado, aínda aberto e mellorable condicionado polas decisións que o alumnado pode exercer no futuro como cidadáns dun mundo comprometido.

Por último, pero non menos importante, inclúense contidos artísticos e culturais que pretenden exemplificar, polo menos no básico, desde a arte moderna e postmoderno ata as plurais manifestacións actuais. Deberemos explicar non só a evolución formal senón tamén entender a arte contemporánea como unha linguaxe nova, rupturista e comprometida, resultado dos procesos artísticos previos e (des)conectado co noso presente.

En definitiva, o alumno de cuarto curso comprenderá a través desta materia o presente como un proceso inacabado sobre o que é posible actuar desde unha perspectiva científica e cívica para modelar o futuro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Revolucións liberais. A conquista dos dereitos incividuais e colectivos.	A primeira unidade do curso enlaza ca historia vista en 3º curso da ESO xa que afonda nas consecuencias das Revolucións Burguesas e a súa expansión, primeiro por Europa e logo polo Mundo. Nela describiremos o longo proceso da conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea, e as resistencias presentadas á Modernidade. A Restauración emerxe como contrapunto que en vez de frear, acelera o proceso de expansión das ideas liberais e nacionalistas	10	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Revolucións liberais. A conquista dos dereitos individuais e colectivos.	(poñendo en clave os principais procesos unificadores e independencias), auténticos motores do s. XIX, xunto coas ideas marxistas e anarquistas. Todo elo modela a sociedade de clases decimonónica, que substitúe a sociedade estamental, cunhas bases ideolóxicas da sociedade de clases que analizaremos na propia unidade.	10	9	X		
2	Revolución industrial e imperialismo. A repartición do mundo.	Na segunda unidade abordamos a expansión do liberalismo e revolucións industriais. As novas formas de proceso produtivo e o nacemento do movemento obreiro. Abordamos os colonialismos e a súa consecuencia posterior.	5	9	X		
3	A transformación de España no século XIX. A revolución liberal.	Na terceira unidade partir	10	9	X		
4	O difícil comenzo do século XX. A primeira guerra mundial	A unidade cuarta pecha o 1º trimestre e supón o colofón cultural e visual que permiten identificar cunha simple ollada os cambios impostos pola sociedade burguesa e o Capitalismo. Partindo do Realismo como bisagra entre a primeira e a segunda metade do s. XIX, clarificaremos o nacemento das novas expresións artísticas revolucionarias: o Impresionismo e o PostImpresionismo.	5	10	X		
5	O periodo de entre guerrras: crise económica e totalitarismos.	A quinta unidade é a primeira do 2º Trimestre, e aborda os conflitos e violencias provocadas a fines do s. XIX e inicios do XX que levan cara a Iª Guerra Mundial, acontecida trala paz armada. Describiremos os principais acontecementos da guerra e as súas repercusións, facendo fincapé no estudo crítico e comparativo con outros conflitos precedentes. Por último, integramos dentro da unidade a Revolución Rusa, ao ser esta producida en parte como consecuencia da Gran Guerra e que vai marcar as relacións internacionais cara a IIª Guerra Mundial.	10	9		X	
6	A segunda guerra mundial. O mundo o bordo da destrución.	A sexta unidade fai análise da situación económica mundial na segunda e terceira década do s. XX. A súa vez, abórdanse as relacións internacionais como consecuencia da Iª Guerra Mundial e a aparición dos Totalitarismos (Fascismo e Nazismo). A economía de entreguerras permítenos explicar os factores económicos como detonante político e social da sociedade, facendo especial diagnose do crack do 29.	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	A segunda guerra mundial. O mundo o bordo da destrución.	A súa vez indicaremos a conquista dos dereitos individuais e colectivos nestas décadas, sobre todo no caso das mulleres, facendo referencia ás súas principais protagonistas. Por último, valoraremos os conflitos e violencias no período de entreguerras que serán a orixe da nova Guerra Mundial. Describiremos as principais fases e etapas, e sobre todo as consecuencias directas da IIª Guerra Mundial. Todo elo, aportando un estudio crítico e comparativo con conflito anteriores e posteriores. Fito aparte, valoraremos criticamente o Holocausto xudeo e as súas consecuencias na historia mundial.	10	10		X	
7	España da crise do 98 a guerra civil.	Na sétima unidade pretendemos explicar a situación de España dende a Crise da Restauración e a Guerra do 98 ata a IIª República e a Guerra Civil. En dito período valoraremos a orixe, evolución e adaptación do sistema liberal e democrático en España a través das fontes, en especial no exemplo da IIª República española. Tamén resumiremos o proceso de conquista dos dereitos individuais e colectivos na primeira metade do s. XX. E por último, valoraremos o papel das mulleres na España do 1º terzo do s. XX no tocante a consecución dos seus dereitos e o papel que xogaron as pioneiras dos movementos sufragistas, democráticos e políticos, facendo referencia ás súas principais protagonistas e ao cambio no seu papel social.	10	10		X	
8	A guerra fría. Un período que estremeceu o mundo.	Na oitava unidade, última do 2º Trimestre, falamos do proceso de reconstrucción trala IIª Guerra Mundial e a conformación dunha nova organización política internacional: Guerra Fría, Descolonización e o nacemento do 3º Mundo. Necesariamente explicaremos os principios conflitos e fundamentos xeoestratéxicos relacionados coa nova orde mundial. Tamén valoraremos o papel dos organismos internacionais na busca da Paz. Entremedias destes procesos xurde o precedente da Unión Europea como alternativa histórica á política tradicional no Vello Continente, cuxos obxectivos serán o asentamento da democracia, o desenvolvemento económico e a paz social e continental. Coñeceremos as súas	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A guerra fría.Un periodo que estremeceu o mundo.	institucións e funcións, así coma os máis importantes fitos no asentamento do Estado do Benestar en Europa. Por último, reflexionaremos sobre a 3ª Revolución Industrial e as consecuencias dela no asentamento do Estado do Benestar, o Consumo de Masas e os Novos Movementos Sociais (feminismo, ecoloxismo e pacifismo).	10	10		X	
9	A descolonización do mundo	Na novena unidade, abordaremos o proceso descolonizador e os erros que levarán que moitos dos países que foran colonizados permanezan hoxe en día sin acadar o seu desenrolo político e económico e, en moitos dos casos sexan focos de conflito e terrorismo.	10	10			X
10	Grandes cambios no mundo dende 1945. Tensións e retos.	Na décima unidade, partindo dos movementos xeoestratéxicos trala fin da Guerra Fría ata hoxe, valoraremos os posicionamentos e accións das principais potencias para contribuir á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sostible. Destacaremos as principais transformacións científicas e tecnolóxicas do s. XXI (dende unha perspectiva ética) e a complexidade da Globalización e de Internet e dos medios de comunicación de masas e as redes sociais virtuais. Tamén se abordarán os cambios culturais e novos movementos sociais de 4ª xeración nun mundo global: feminismo e dereitos da comunidade LGTBI+ (facendo fincapé na loita polos seus dereitos e a igualdade de xénero, citando exemplos relevantes), o novo ecoloxismo, pacifismo e o compromiso cívico e a participación cidadá (asociacionismo e voluntariado). En fin, reflexionaremos sobre a igualdade real de homes e mulleres, a eliminación da discriminación por identidade ou xénero e a consecución dos dereitos civís polas minorías.	10	10			X
11	España o camiño desde a ditadura a democracia.	A última unidade está dedicada á Transición política e a configuración do estado democrático en España trala fin da Ditadura e a Constitución de 1978 e a descrición do estado do benestar en España. Tamén abordaremos o Estado das Autonomías e en concreto o estatuto de autonomía de Galicia. Reflexionaremos sobre os efectos da memoria democrática - dende un punto histórico, pero tamén presente e emocional-, a cohesión social e	10	9			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	España o camiño desde a ditadura a democracia.	a integración, así como as medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión. Por último, tamén xulgaremos criticamente o papel de España na UE e os valores do europeísmo a través de fórmulas como a participación en programas educativos europeos.	10	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Revolucións liberais. A conquista dos dereitos incividuais e colectivos.	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os dos seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución. - As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. - As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo. - As emocións e o contexto cultural. A perspectiva histórica do compoñente emocional.

UD	Título da UD	Duración
2	Revolución industrial e imperialismo. A repartición do mundo.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA2.2 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os dos seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desigualdade e inxustiza no contexto local e global. Solidariedade, cohesión social e cooperación para o desenvolvemento. A achega de España á cooperación para o desenvolvemento. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade

Contidos

- contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.
- Bases ideolóxicas (liberalismo, marxismo e nacionalismo) da contemporaneidade: procesos unificadores e independencias. O movemento obreiro e a súa evolución.
- As revolucións burguesas do século XIX, transición e resistencias ao estado liberal no mundo. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea.
- Da Constitución de 1812 á fin da Restauración: orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España a través das fontes, e as súas consecuencias para Galicia. A lenta consecución de dereitos sociais en España e Galicia.
- O proceso de transformación da España contemporánea nos seus aspectos políticos, económicos e sociais. Repercusións na Galicia contemporánea.
- A evolución cultural da España do século XIX ao século XX e a formación dunha identidade multicultural compartida. Do Rexionalismo ao Nacionalismo na España periférica. O caso galego.
- A igualdade real de mulleres e homes. A discriminación por motivo de diversidade sexual e de xénero. A conquista de dereitos civís nas sociedades democráticas contemporáneas.

UD	Título da UD	Duración
3	A transformación de España no século XIX. A revolución liberal.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	70
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.4 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da historia e da xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA2.7 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e da análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.		
CA1.1 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os dos seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.3 - Rexear actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e da igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xeopolítica e principais conflitos no presente. Xenocidios e crimes contra a humanidade. Guerras, terrorismo e outras formas de violencia política. Alianzas e institucións internacionais, mediación e misións de paz. Inxerencia humanitaria e xustiza universal. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates. - As transformacións científicas e tecnolóxicas do século XIX e a súa implicación na sociedade moderna. - As relacións internacionais no século XIX: da Europa da Restauración ao Imperialismo. Causas, desenvolvemento e consecuencias do colonialismo. - Conflitos e violencias provocadas a fins do século XIX e na primeira metade do século XX: da paz armada á Primeira Guerra Mundial. Principais acontecementos da guerra e as súas repercusións. Estudo crítico e comparativo. - Servizo á comunidade. A corresponsabilidade nos cidadáns. As relacións interxeracionais. A responsabilidade colectiva e individual. O asociacionismo e o voluntariado. Contornas e redes sociais.

UD	Título da UD	Duración
4	O difícil comenzo do século XX. A primeira guerra mundial	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Interpretar e explicar de forma argumentada a conexión de España cos grandes procesos históricos da época contemporánea, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia, así como as achegas do Estado e as súas institucións á cultura europea e mundial.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.	PE	70
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA3.1 - Producir e expresar xuízos e argumentos persoais e críticos de forma aberta e respectuosa, facendo patente a propia identidade e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e os dos seus conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características e os principais autores/as e as súas obras, dos procesos artísticos e culturais referidos.		
CA2.2 - ransferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.	TI	30
CA2.3 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da historia e da xeografía.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		
CA3.5 - Coñecer e contribuír a conservar o patrimonio material e inmaterial común, respectando os sentimentos de pertenza, adoptando compromisos con principios e accións orientados á cohesión e á solidariedade territorial da comunidade política, os valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Completa tarefas indicadas na aula sobre cuestións referidas a esta unidade cun nivel aceptable en forma e contido.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas. A situación en España e Galicia. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Conciencia histórica. Elaboración de xuízos propios e argumentados ante problemas de actualidade contextualizados historicamente. Defensa e exposición crítica destes a través de presentacións e debates.

Contidos

- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais contemporáneas. Realismo, impresionismo e postimpresionismo. Movementos artísticos do século XIX en España e Galicia.
- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial. A diversidade cultural no mundo actual. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial en España e Galicia.

UD	Título da UD	Duración
5	O periodo de entre guerras: crise económica e totalitarismos.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente, demostrando que sabe identificar varias características do proceso histórico referido.	PE	70
